

SuperFiz adestra moito e axuda a todo o mundo,
pero... non ten tempo nin para merendar!

Ademais dixéronlle que os superheroes teñen
que ser fortes e non poden bailar nin pintar,
aínda que a el lle encantaría...


SUPERFIZ AXUDARANOS A ENTENDER
A IMPORTANCIA DE SER NÓS MESMOS.



SUPERFIZ

Luis Amavisca

Gusti



A Juan, o meu superheroe favorito.

Luis Amavisca

*Para Anne, Mallko e Théo,
non se pode ser máis afortunado.*

Gusti

É

É G A L I T É

SuperFiz

Colección Egalité

© do texto: Luis Amavisca, 2025
© das ilustracións: Gusti, 2025
© da edición: NubeOcho, 2025
© da tradución: Iria Carballo, 2025
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *SuperFede*

Primeira edición: Setembro, 2025
ISBN: 979-13-87834-42-5
Depósito Legal: M-15592-2025

Impreso en España.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

SUPER
FIZ

Luis Amavisca

Gusti



nubeOCHO



SuperFiz é superxenial.
Todos os días salva a alguén dun gran perigo.
O domingo pasado axudou a un avó: “Coidado coa planta!”.
E a un gato: “Queres baixar ou non?”.

A xente adora a SuperFiz.

—Es o mellor!

—Es o meu heroe!

—Es o máis forte!



Pero a SuperFiz non lle gusta que...

sempre o paren pola rúa,
lle pidan autógrafos e entrevistas,
ou que precisen da súa axuda a todas horas.



Non ten tempo nin para comer o seu bocadillo!





Hai moito tempo que SuperFiz non vai ao parque a xogar cos demais.
A última vez que foi...

pasou toda a tarde bambeando as nenas e os nenos.



—Podes levantar ese banco? —pedíanlle.
E SuperFiz levantábao coa súa superforza.



A rapazada da cidade troulea todos os días.
Mais que pasa con SuperFiz?

Os superheroes teñen moitas responsabilidades.
SuperFiz ten que vixiar a todas horas
para que non ocorra nada malo...





Ademais sempre ten que ir ao ximnasio para adestrar.

